



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN xaneiro - marzo 2014

13 de xaneiro: entregamos...



Cuatro hermanas, de Jetta Carleton

A principios dos anos cincuenta, Matthew Soames, mestre rural, e a súa muller, Callie, gozan do final do verán na súa granxa de Renfro, Missouri. As súas fillas acoden a visitalas durante unhas semanas. A súa estancia fai aflorar os recordos que marcaron o paso do tempo e semellan ter dominado a vida das catro irmás.

Comentario: 27 de xaneiro

27 de xaneiro: entregamos...



Una temporada para silbar, de Ivan Doig

Ivan Doig está considerado como un dos mellores cronistas contemporáneos do Oeste americano, alumno aventaxado de autores como Wallace Stegner ou Norman Maclean. *Una temporada para silbar* é unha das súas mellores novelas, froito do seu particular xeito de entender a vida e a imponente natureza de Montana.

Comentario: 10 de febreiro

10 de febreiro: entregamos...



Así nacen as baleas, de Anxos Sumai

A historia dunha liberación e, ao tempo, a viaxe de volta dunha muller nova á casa, á familia e ao pasado. Sentimentos, paixóns, condicionantes sociais e vivencias estouran a través dunha linguaxe renacida, cunha maneira de narrar que descobre o mundo cos ollos novos de quen quere vivir nel de xeito diferente.

Comentario: 24 de febreiro

24 de febreiro: entregamos...




Crematorio, de Rafael Chirbes

O constructor Rubén Bertomeu, responsable de varios exemplos de urbanización desmedida, non ten escrúpulos á hora de facer tratos para recalificar terreos ou obter os dereitos necesarios para edificar sen complicacións. Con motivo da morte do seu irmán asistimos á descrición das relacións da súa familia.

Comentario: 10 de marzo

10 de marzo: entregamos...



La conquista de la felicidad, de Bertrand Russell

«Escribín este libro partindo da convicción de que moitas persoas que son desdichadas poderían chegar a ser felices se fan un esforzo ben dirixido». O arquetipo desas persoas, é aquela que conta con ingresos suficientes para a súa subsistencia, de saúde aceptable, que non se atopa en ningunha situación puntual de sufrimento extremo e que, con todo, non é feliz.

Comentario: 24 de marzo

24 de marzo: entregamos...



El faro, de Paco Roca (Banda deseñada)

Francisco é un soldado republicano que, ferido, trata de escapar da guerra civil. Na súa fuxida chegará a un lugar onde non existen bandos nin ordes, só o mar e a compañía do fareiro... Unha homenaxe ás aventuras da infancia, un canto a favor da liberdade e a imaxinación.

Comentario: 7 de abril